



***José Manuel Rodríguez vence en San Huberto e Pedro Ramos Casas en Rastro de Xabaril no 'VI Trofeo Comarca dos Ancares'***

Os pasados 9 e 10 de xuño tiña lugar a sexta edición da Feira dos Cans de Caza 'Comarca dos Ancares', en Becerreá (Lugo), que incluía dúas probas puntuables para a Copa Federación: unha de San Huberto e outra de Rastro de Xabaril. Deportistas do País Vasco, Cantabria, Asturias, Castilla-León e as catro provincias galegas achegáronse á comarca lucense para participar en ambas probas, disputándose ámbalas dúas o día 9.

Na proba de San Huberto resultou vencedor José Manuel Rodríguez co seu setter inglés 'Ful', seguido de Juan C. Arteche Castillo e René Vale García, en terceira posición. Na categoría de damas a gañadora foi Cristina Sanmartín, con 'Jara da Chousa'. O primeiro veterano foi o galaico-zamorano Cástor Novoa.



En Rastro de Xabaril, proba que contou cunha participación de 35 monteiros, foi Pedro Ramos Casas o gañador co seu sabueso 'Falco', seguido na clasificación por Luis Otero Alonso con 'Brus' e José F. Rey Urrutia con 'Sil'. O primeiro veterano nesta proba foi Alfredo López González.



O día 10 celebrábase a Feira de Cans no pabillón de exposicións do recinto ferial de Becerreá, que contaba con máis dun milleiro de exemplares provintes de toda Galicia así como de diversos puntos de España e Portugal. Un total de 35 razas diferentes estaban representadas no pabillón, e de todos eles foi o Sabueso Español chamado Ney, propiedade do ferrolán Benigno Caruncho, o que os xuíces denominaron mellor can da feira ('Best in Show').

**Gabinete de Comunicación**  
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA  
[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)